

NOTA DE PRENSA
CAMPAÑA VOLTA Ó COLE

**EMGROBES PRESENTA A SÚA CAMPAÑA DE VOLTA Ó COLE
PARA QUE OS CLIENTES DO CCA MERQUEN NO COMERCIO
SEGURO**

Dende a chegada do Covid-19 todo é diferente, e dende EMGROBES, sendo conscientes de que esta é unha campaña diferente, queren seguir traballando e promocionando o comercio local, o de confianza, o seguro....para que os clientes do CCA se animen a mercar todo o necesario para a volta ó cole, nos seu comercio local de confianza.

Este ano é atípico e polo tanto non se pode premiar ós pequenos como nos últimos anos cunha campaña que finalizaba cunha gran festa para os rapaces, con hinchables, xogos de auga, toro mecánico e música a tope. Pero seguimos apostando por promocionar o pequeno comercio premiando a fidelidade dos clientes do CCA a través dun sorteo consistente en introducir códigos alfanuméricos que entregarán os comercios participantes dende hoxe ata o día 20 de setembro por todas as compras realizadas durante todos estes días. O premio consistirá en 300 € en diferentes vales de compra para reinvertir no propio comercio local do Centro Comercial Aberto de Tendas.

Ademáis de todo isto e insistindo en que se trata dunha campaña tamén dirixida ós máis pequenos da casa, repartiranse polos comercios socios e nas principais zonas comerciais do CCA de Tendas, uns agasallos para os rapaces, moi apropiados para a situación actual de prevención fronte ó Covid.

A asociación que ten como un dos principais obxectivos promover a economía local, en todos os sectores, quere seguir incentivando as compras e por eso nas últimas campañas promove a seguridade e a confianza, agora máis que nunca, no comercio de O Grove, xa que o esforzo levado a cabo polos establecementos para ter e cumprir as medidas de seguridade ha de ser recompensado fomentando esta confianza nos clientes do CCA de Tendas. Así ademáis dos slogans específicos das propias campañas, Emgrobes segue querendo destacar de maneira continuada a necesidade de mercar neste comercio local cos slogan de #mercanogrove e tamén do #comercioseguro, como así se constata en toda a publicidade, cartelería, redes sociais e páxinas web da asociación.

Emgrobes seguirá traballando polas empresas locais ás que representa e por iso ademáis destas campañas insiste en que o Concello debe colaborar e incentivar o consumo no puebo e facer unha forte inversión na promoción turística do Concello agora que remata a tempada estival e todas as asociación e as administración debemos arrimar o hombreiro para axudar a levantar a economía da nosa vila, por suposto con #sentidiño.

